INVESTIGAMOS 5ºA

A RIBEIRA SACRA

Candela Álvarez. 5º A

A Ribeira Sacra é un espacio natural situado no interior de Galicia, no sur da provincia de Lugo e no norte da de Ourense. Chámase así pola gran cantidade de mosteiros e templos que hai na zona. Son características as súas paisaxes a carón dos dous ríos que a percorren: o Miño e o Sil.

O primeiro encoro que nos encontramos cando a percorremos, indo dende Santiago, é o de Belesar, na provincia de Lugo. Preto do mesmo, atopamos o mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Miño. Foi construido a finais do século XII, é de estilo románico e necesita unha urxente restauración.

Se seguimos o curso do Miño atopamos o pobo de Belesar. Río abaixo, atópase o encoro dos Peares e pretiño o pobo que lle da nome, onde se xuntan o Miño e o Sil e comeza a provincia de Ourense. Unha moderna ponte pasa por enriba do pobo.

Dende os Peares podemos chegar, bordeando o río Sil, ao encoro de Santo Estevo de Ribas de Sil e o mosteiro do mesmo nome, que agora alberga un luxoso parador. Pódese visitar de balde. Aínda que os seus orixes son anteriores, o seu auxe comenza no século X. Conta con elementos románicos, góticos, renacentistas e barrocos. Ten tres claustros, un deles románico, e unha igrexa de planta basilical.

Pretiño, xa no Concello de Esgos, está o mosteiro de San Pedro de Rocas. As súas orixes remóntanse o ano 573. Trátase, pois, dun recinto antiquísimo, que foi testigo dos primeiros asentamentos eremíticos da zona. A igrexa do mosteiro, do século VI, é unha das mais antigas que se conocen e as súas tres naves están excavadas na rocha. Ao seu carón hai unha Casa Museo onde se poden ver cousas típicas da Ribeira Sacra. Tamén se pode percorrer o Canón do Sil en catamarán e ver as espléndidas viñas que se asentan nas suas ladeiras…

Como vedes, a Ribeira Sacra é preciosa.
Invítovos a coñecela!!

FAROS SEN FAREIROS

Matías García. 5º A

"O traballo de fareiro é un traballo sempre visible na parte menos terrestre da terra e menos marítima do mar".

Fai catro décadas, nada tiña que ver cos fareiros na actualidade, abrumados pola tecnoloxía.

É un traballo que se desenrrola en lugares afastados, solitarios e tranquilos. Os fareiros no son ni marinos ni terrestres, envían sinais aos barcos, pero non saben si as reciben. Os barcos teñen que ver sempre a luz para librar as zonas perigrosas.

Os fareiros, levan un libro de servizos onde apuntan as incidencias: o vento, o estado da mar. Antes non dormían e estaban toda a noite vixiando o mar, agora os faros se levan electrónicamente. Antes facíanse exames para ser fareiro, agora xa no hai exámenes, nin titulacións. Xa non se chaman fareiros, se chaman técnicos de axuda a navegación.

A vida de fareiro é unha vida difícil. Os máis grandes enemigos dos fareiros, son as tormentas e os raios.

Hai uns meses, eu fun ver o faro do cabo Touriñán, so había unha fareira que se ía a xubilar, chámase Esther. Ela estaba moi triste, porque cando deixase de traballar, o faro non iba a ter máis fareiras, por iso ela quere que se organicen actividades, para que o faro sempre siga vivo. Eu propoño facer un museo con todos os instumentos do faro, con visitas guiadas.